

AUTORES DESTACADOS

As editoriais galegas apostan pola narrativa clásica e contemporánea nas novidades de outono

Os premios Xerais chegan ás librarías xunto co novo libro de Domingo Villar

M. Factor, B. Pallas | REDACCIÓN / LA VOZ | 29/8/2011



★★★★☆ (2 votos)

Twitter 9

Menéame

Recomendar 40



Despois do repouso do verán, as editoriais galegas prepáranse para a recta final do ano cunha oferta que abrangue os xéneros e autores máis diversos. Unha das novidades máis esperadas nos andeis é a das novelas galardoadas nos premios Xerais. O gañador, Xavier Queipo, recupera o xénero de aventuras en *Extramunde*, un relato de mar e viaxes. Na categoría infantil triunfou nestes premios a ciencia-ficción. *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, fala da creación do primeiro ser humano artificial nunha literatura cargada de fantasía e humor. O terceiro premiado, Héctor Carré, publica a novela xuvenil *Febre*, unha historia do Oeste situada en terras galegas na que non faltan espías, armas e unha moza que decide non someterse ao destino e forxar o seu propio camiño.

Estas tres novelas estarán acompañadas do último traballo de María Xosé Queizán, que presentará nos próximos meses *Meu pai vaite matar* (Xerais).

Outra das novidades estrela será a nova entrega de Domingo Villar protagonizada polo detective Leo Caldas. Despois de *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, chega *Cruces de pedra* (Galaxia), unha novela que arranca coa desaparición dunha muller en Moaña. Nesta editorial publicarase tamén *Laura no deserto*, o regreso de Antón Riveiro Coello, e *Contos da terra da tarde*, de Bieito Iglesias.

No capítulo de traducións, na primeira semana de outubro sairá ao mercado, tamén en Galaxia, a terceira entrega de *1Q84*, de Haruki Murakami, que se publicará en galego de forma simultánea á versión en castelán de Tusquets. O selo continuará coas traducións da obra do Nobel turco Orhan Pamuk con *O libro negro*, e publicará *A verdade sobre Marie*, de Philippe Toussaint, e *C*, de Tom McCarthy. Pola súa banda, Rinoceronte achegará ao galego *Contos da era do jazz*, de Scott Fitzgerald. Este selo editará diversos audiolibros, entre os que destaca *Seda*, de Alessandro Baricco.

Novela gráfica e obra infantil

Aportarán a cor as novidades en banda deseñada e ilustracións, coma as do checo Miroslav Sasek que recupera El Patito Editorial. Despois das aventuras en París e Londres publicadas o ano pasado, saen *Esto es Nueva York* y *Esto es Roma*, guías pensadas para achegar o pracer de viaxar aos pequenos. Pola súa banda, Galaxia adentrarase tamén na novela gráfica con *Nómades*, de Xosé Tomás.

Edicións do Cumio continuará coa colección infantil *A familia caravana*, de Pepe e Abraham Carreiro. E haberá que esperar ata outubro para ver *A viaxe de Olaf* (Kalandraka), cuarto Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. O relato de Martín León Barreto está protagonizado por un personaxe que sae dun pequeno planeta na procura de novos amigos.

A cociña ocupará unha parte importante das novidades, comezando cunha obra centrada nos frutos da tempada. *50 recetas con moras*, de Xesús Fraga (Alvarellos), é unha recompilación de receitas doces e salgadas feitas con amoras e outros froitos silvestres. Os mozos terán a súa oportunidade de pórse mans á masa con dous títulos da nova colección de Ouvirmos: *Bocadillos* e *Sobremesas*.

«Extramunde» (Xerais)

Un grupo de condenados pola Inquisición emprenden unha viaxe transoceánica nunha goleta.

«Cruces de pedra» (Galaxia)

Tras *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, o detective Leo Caldas regresa ás librarías.

«A bordo dun barco sen luces» (Alvarellos)

Luz Pozo revisa e amplía un ensaio sobre Luís Pimentel.

«Meu pai vaite matar» (Xerais)

Voz pioneira do feminismo galego, a autora viguesa publica unha nova novela.

«El libro de los besos y la niebla» (Alvarellos) O autor visita periodismo, literatura e prosa poética.

«Laura no deserto» (Galaxia)

Despois de contar como se escribe unha novela en *Os ollos de K*, o autor da Limia regresa.